

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 08.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 8 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 35483 (10/POC-005650)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 34411 (10/PNC-002795)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dun informe sobre a situación asistencial dos PAC de Galicia que recolla o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 2.2 38185 (10/PNC-003059)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para axilizar a concesión da Tarxeta Benvida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 2.3 38223 (10/PNC-003060)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun centro de día no actual Centro Sociocomunitario de Ribadavia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 2.4 38334 (10/PNC-003072)
Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coa Rede de Atención Temperá e o desenvolvemento normativo do Decreto
138/2013
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

2.5 38698 (10/PNC-003092)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coa construción do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

2.6 38824 (10/PNC-003114)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central
en relación coa consideración en situación de incapacidade ás persoas
diagnosticadas dunha enfermidade crónica grave, nomeadamente
oncolóxica, así como a reincorporación aos seus postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 35483(10/POC-005650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483
Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a garantir a viabilidade das pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe.

Desde hai anos veñen prognosticando a súa quebra, acompañada sempre de fortes campañas publicitarias, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións, promovendo un sistema privado. O obxectivo é ben claro: transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autoestradas, aumenta o beneficio das empresas diminuindo as súas obrigacións. Ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483

Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

O debate das pensións vai moito máis alá de si a revalorización anual debe ser o IPC ou o 0.25%, con non ser indiferente esta cuestión, senón que é unha cuestión estrutural, entre manter un modelo de pensións públicas dignas, ou apostar por un modelo de privatización, de negocio para o capital financeiro.

Non é unha cuestión simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da sustentabilidade do sistema de pensións.

O problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de reparto desigual da riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa excusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

As medidas que tomaron son especialmente mesquiñas en Galiza, porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á nosa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares,

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas: case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

Galiza ten as segundas pensións máis baixas de todo o Estado, con 892,18€ ao mes fronte aos 1.071€ da medida estatal. Cada persoa pensionista



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483

Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

galega perde 2.145 euros ao ano, unha cantidade astronómica para os maiores e para moitas familias que teñen nas pensións a súa única fonte de ingresos, unha realidade social do noso país que é un logro máis da política social de Feixóo.

O BNG implicámonos decididamente na defensa dun sistema público de pensións dignas, que empeza por un mercado de traballo digno, e que polo tanto afecta a toda a sociedade, @s pensionistas actuais, mais @s pensionista futur@s que son @s traballadores/as actuais.

Hai que blindar o sistema público de pensións porque, a diferenza do discurso interesado da dereita e da banca, é viábel, é o único capaz de garantir unha pensión digna tras unha vida de traballo, de garantir a solidariedade interxeracional e de garantir o reparto da riqueza. O único que permite ter un mínimo de xustiza social.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas @s galeg@s?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da coantía das pensións en Galiza?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483
Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

-Considera que as medidas impulsadas polo Goberno español benefician as persoas xubiladas galegas?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para reverter a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:31:26

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:31:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483
Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:31:32

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:31:33

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:31:34

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:31:35

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 34411(10/PNC-002795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dun informe sobre a situación asistencial dos PAC de Galicia que recolla o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia ven sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos dende hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia ten asistido a debates en Comisión e Pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Non entanto, a resposta deste Goberno ven sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia ten rexeitado as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

Con data 15 de marzo do presente ano, o Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Comisión 5.^a de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia unha proposta para a mellora das condicións laborais dos profesionais dos PAC, que incluía a dotación dun maior número de profesionais, alertando da gravidade de que existiran dotacións mínimas que deixaban a PACs con volumes moi relevantes de persoas por atender sen



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

profesionais para cubrir esa asistencia por ter que saír a facer visitas de urxencias.

O acontecido no día 4 de agosto no PAC de A Estrada é un suceso fatal que retumba en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral. Non entanto, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC de A Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debера ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario. Seguindo o caso acontecido, o PAC de A Estrada atende a máis de 20.000 persoas, nun entorno de poboación especialmente disperso onde os desprazamentos se alongan e, de maneira sinalada, se teñen que existir desprazamentos ao Hospital de Santiago, centro de referencia da zona. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un so equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe sobre a situación asistencial dos PAC de Galicia que recolla o número de persoal existente en cada un deles en todas as circunstancias do ano 2018 (dotación estandarizada, dotación en verán, fins de semana, quendas de noite...)
2. Dotar de maneira inmediata de, como mínimo, un segundo equipo ao PAC de A Estrada para evitar a inexistencia de profesionais para a asistencia.
3. Contratar, coa maior estabilidade posible, a todo o persoal de atención primaria dispoñible para centros de saúde e PAC, co obxectivo de cubrir ao máximo volume, as ausencias producidas por vacacións ou baixas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 13:40
Nº Registro: 34411
Data envío: 07/08/2018 13:40:23.089



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/08/2018 13:39:23

Julio Torrado Quintela na data 07/08/2018 13:39:32

Noela Blanco Rodríguez na data 07/08/2018 13:39:39

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 38185(10/PNC-003059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para axilizar a concesión da Tarxeta Benvida

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O 29 de decembro de 2017 publicábase no DOG a Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/vos en o ano 2018 e procédese á súa convocatoria.

Segundo se reflexa na propia orde, así coma na páxina web do PAN (Programa de Axuda á Natalidade) da Xunta de Galicia, a tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias destinada a colaborar nos gastos derivados do nacemento, adopción ou garda con fins adoptivos dun neno/a. Poderán beneficiarse as persoas que teñan a súa residencia habitual en Galicia e que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018, ou aquelas familias que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a nado nese período.

Tamén se poderán beneficiar da Tarxeta Benvida os galegos e galegas e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, residindo fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

Para ter dereito a esta axuda, hai que cumprir os seguintes requisitos:

- A persoa solicitante ha de ter a súa residencia en Galicia.
- Non superar os 45.000 euros de renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeneral e a base imponible do aforro, ou os 13.500 euros de renda per cápita, na declaración do IRPF do último exercicio económico pechado. A contía da Tarxeta Benvida será de 1.200 euros, a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do neno ou nena. Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías: -600 €/ano, a razón de 50€/mes, se é o primeiro fillo/a.
- 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se é o segundo fillo/a.



- 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se é o terceiro/a ou sucesivos/ as.

En caso de adopción ou garda con fins adoptivos, o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes en que se constitúan e ata que o neno ou nena cumpra un ano. O pago desta axuda efectuarase a través da Tarxeta Benvida, unha cartón moedeiro que se expedirá a nome da persoa solicitante.

Segundo se recolle na propia orde no artigo 10.2: “*A resolución destas axudas corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación do conselleiro de Política Social, no prazo de catro meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimada.*”

A pesares de quedar claro cal é o prazo establecido, a concesión destas axudas estase retrasando en moitos casos máis de seis meses, algo que dende o grupo socialista consideramos inaceptable polo importante esforzo económico que supón para as familias a chegada dun meniño ou meniña, e aínda máis se temos en conta que os e as destinatarios son persoas con baixos ingresos. Esta situación está ademais xerando desconcerto e preocupación nas familias, xa que os e as solicitantes chegan a pensar que este silencio administrativo da Xunta de Galicia, responde a denegación da tarxeta benvida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dispor todos os recursos humanos e materiais ao seu alcance para axilizar a concesión da Tarxeta Benvida a aquelas persoas que así o soliciten e teñan dereito a percibila.
2. Modificar a orde que regula a Tarxeta Benvida, de tal maneira que o prazo para dispoñer desta axuda non sexa en ningún caso superior a un mes dende o rexistro da solicitude.

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38185
Data envío: 04/10/2018 14:16:07.114

Noela Blanco Rodríguez na data 04/10/2018 14:03:21

Julio Torrado Quintela na data 04/10/2018 14:03:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 14:03:33

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 38223(10/PNC-003060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha dun centro de día no actual Centro Sociocomunitario de Ribadavia

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Paula Quintero Araújo, Paula Vázquez Verao e Ánxeles Cuña Bóveda e do seu deputado Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

Os Centros de Día son recursos fundamentais no noso país, xa que dan resposta aos coidados das persoas maiores dependentes, unha necesidade moi ampla en Galicia debido o envellecemento da nosa poboación. Serven para descargar de tarefas ás persoas coidadoras, para atrasar algunhas consecuencias físicas e psicolóxicas da idade, e axudan a socializar os coidados, pero sen desvincular as persoas do seu entorno, o que ten numerosos beneficios, polo que sería moi positivo que Ribadavia contara cun servizo coma este nun tempo de prazo curto.

Existe un Centro socio comunitario na Rúa Extramuros, de titularidade da Xunta de Galicia, un edificio que se atopa en moi bo estado. O edificio alberga actualmente diferentes actividades e o seu espazo permitiría compaxinar nel o actual uso do Centro socio comunitario cun novo uso para Centro de Día, tendo presente, entre outros, os requisitos materiais recollidos na normativa existente para a prestación de servizos sociais, por exemplo no artigo 5 da *“ORDE de 25 de xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzheimer e outras demencias”* (DOGA do 17 de xullo 2008).



O nivel de investimento para a posta en marcha deste centro sería moito menor, respecto a outras obras, xa que non habería que construír un edificio novo senón simplemente facer traballos de adecuación das instalacións ao novo uso e, ademais, podería cubrirose a necesidade no menor prazo posible, sen adiar indefinidamente esta demanda, polo que sería necesario inserir unha partida con este fin no proxecto de Orzamentos da Xunta de 2019, que se atopa en proceso de elaboración.

A veciñanza leva anos recibindo promesas, tanto por parte do Concello coma pola Xunta, sen que se atenda esta demanda, chegando a ter que desprazarse ata centros de concellos doutra bisbarra como A Cañiza, que se atopa a 21 kms, e co que se asinou un convenio en 2015.

Noutros concellos da bisbarra do Ribeiro como Castrelo de Miño, Leiro ou Carballeda existen, en diversos formatos, Centros de Día, e trátase de Concellos de menor poboación que Ribadavia, que é cabeceira comarcal. A ausencia dun Centro público destas características en Ribadavia provoca que os veciños teñan que desprazarse a outros concellos, cos prexuízos que iso supón ou mesmo recorrer a residencias privadas coa fin de cubrir as necesidades de coidados.

Para levar a cabo esta proposta razoable sería necesaria a colaboración de Xunta e Concello e Ribadavia.

Por todos estes motivos, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:36
Nº Rexistro: 38223
Data envío: 04/10/2018 16:36:23.508



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Executar e poñer en marcha un servizo integral (persoal incluído) para un Centro de Día en Ribadavia no actual Centro socio comunitario, coa colaboración e cooperación do Concello de Ribadavia.
2. Garantir a compatibilidade, segundo a normativa vixente para ambos servizos, deste Centro de Día coa continuidade do actual Centro socio comunitario de Ribadavia, coas actividades que nel se realizan actualmente.
3. Incluír unha partida económica suficiente nos Orzamentos 2019 con vistas a financiar a execución desta obra no menor prazo posible.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Vero

Ánxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:36
Nº Rexistro: 38223
Data envío: 04/10/2018 16:36:23.508



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/10/2018 16:27:46

Paula Vázquez Verao na data 04/10/2018 16:28:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/10/2018 16:28:09

David Rodríguez Estévez na data 04/10/2018 16:28:18

Luis Villares Naveira na data 04/10/2018 16:28:42

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 38334(10/PNC-003072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Rede de Atención Temperá e o desenvolvemento normativo do Decreto 138/2013

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Deste xeito, a Atención Temperá non se relaciona unicamente coas diversidades funcionais e ten unha dimensión comunitaria e social moi importante, configurándose como unha atención integral biopsicosocial. Asemade, a disposición de recursos suficientes para a prevención permite evitar situacións futuras de trastornos de desenvolvemento.

O Libro Branco da Atención Temperá, elaborado por asociacións e profesionais de todo o Estado, establece como principios da Atención Temperá a gratuidade, a universalidade e a transversalidade.

O Decreto 183/2013 crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero a extensión dos servizos de Atención Temperá no territorio galego é moi deficitario e territorialmente desigual. Só 92 concellos contan con servizos de proximidade de Atención Temperá, quedando gran parte do territorio galego sen cobertura, habendo comarcas ben cubertas e outras con sobrecarga asistencial, dándose demoras superiores aos 50 días para a primeira consulta, cando o estándar



internacional é de 30 días como máximo. Esta situación é aínda máis alarmante no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.

O financiamento dos servizos da Rede Galega de Atención Temperá realízase a través da convocatoria dunha liña de subvencións por parte da Xunta, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo PO FSE Galicia 2014-2020, destinadas ás entidades locais. Ademais, a Xunta subvenciona tres unidades de atención temperá (UDIAF) xestionadas pola AGAT, coa que mantén un convenio de colaboración. 1,4 millóns de euros consignados nos Orzamentos de 2018 para a Atención Temperá son claramente insuficientes, precisándose, segundo a AGAT, entre 30 e 40 equipos comunitarios para cubrir todas as comarcas galegas, o que faría preciso triplicar este orzamento. Para achegarse á media estatal, Galicia debería ter xa un investimento en AT en torno a 6-7 millóns de euros. O investimento en Atención Temperá por crianza/ano da Xunta é de 14 €, moi por baixo de Madrid, a segunda CA que menos dedica (29 €) ou Catalunya, a que máis (91 €).

A financiación dos servizos de Atención Temperá é inestable, pois entre que sae a orde de subvencións do ano seguinte (en torno a abril) e remata a vixente (31 de outubro) pasan meses nos que o servizo continúa por vontade dos concellos, con fondos propios. Isto xera inestabilidade profesional, coa conseguinte falta de formación e coordinación das equipas e as dificultades para afondar en mecanismos de vinculación e cooperación coa infancia e familias usuarias da Atención Temperá.

Por outra parte, os criterios de valoración das solicitudes son moi esixentes e as fórmulas de xustificación moi burocratizadas.



O que se subvenciona por hora de traballo nos servizos de Atención Temperá é excesivamente baixo (19,42 € por hora traballada), por baixo da media estatal, a pesares de ser un servizo moi especializado.

As tres UDIAF amosan un alto grao de satisfacción por parte das familias usuarias.

No caso da UDIAF do Salnés é necesario un reforzo, pois hai lista de agarda e priorízanse tarefas de asistencia sobre as de prevención. A falta de recursos neste tipo de servizos obriga a priorizar o nivel asistencialista e non traballar o suficiente en prevención.

Galiza é a Comunidade Autónoma do Estado que, con moita diferenza, menor orzamento adica á Atención Temperá e que menor porcentaxe de poboación infantil cobre.

Ademais do atraso orzamentario de Galiza a respecto do resto do Estado, hai tamén un atraso normativo. Isto motiva que aínda non exista un sistema regulador das instalacións e dotacións dos equipos en función das necesidades e da poboación diana a cubrir. Por iso, é fundamental desenvolver unha Orde que concrete o Decreto 183/2013.

Por outra parte, a formación de todos e todas as profesionais implicadas na detección precoz de síntomas en nenos e nenas susceptibles de acudir a Atención Temperá é escasa.

Ademais, en 2014 formalizouse o Protocolo de coordinación e intervención en Atención Temperá, pero non hai unha coordinación interadministrativa suficiente.



Na actualidade non hai un software unificado para estes servizos, a pesares de que a AGAT fixo entrega á Xunta e á empresa INDRA dun programa informático de contrastada eficacia para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros, sen que a Administración dera resposta algunha. A inexistencia deste software provoca que as e os profesionais dos equipos de Atención Temperá teñan que usar gran número de horas en tarefas burocráticas.

Tendo en conta que a Atención Temperá é un servizo esencial para garantir a igualdade de condicións entre todas as nenas e nenos, é necesario acadar a poboación que precise este servizo (como mínimo, o 5% da poboación infantil), sexa cal sexa a súa situación xeográfica, mellorar a detección precoz, dispor dunha rede comunitaria que posibilite a intervención social coas familias, garantir a alta cualificación profesional e especialización das e dos profesionais da Atención Temperá e facilitar o seu traballo en rede. Fronte a isto, a Xunta conxelou o investimento en Atención Temperá e paralizou o desenvolvemento do Decreto 183/2013 e dos seus organismos de coordinación, así como o desenvolvemento da Axenda de Atención Temperá 2015-2017 e o Plan de Formación da EGAP.

Polo exposto, preséntanse a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Triplicar, polo menos, nos Orzamentos da Xunta do vindeiro ano, o investimento na Rede Galega de Atención Temperá, consignando crédito de, polo menos, 6 millóns de euros.



2. Desenvolver un Plan de consolidación e extensión dunha Rede de Atención Temperá accesible, próxima e gratuíta, que garanta a cobertura do 5% da poboación infantil en 2020.
3. Desenvolver un sistema de financiamento estable para a Rede de Atención Temperá con recursos propios da Xunta.
4. Desenvolver unha Orde que regule o Decreto 183/2013, solicitando a a colaboración da Asociación Galega de Atención Temperá.
5. Incluír no desenvolvemento da Orde o desenvolvemento dun software actualizado e profesional para a xestión dos servizos.
6. Crear un organismo administrativo específico no organigrama da Xunta de Galicia para coordinar, desenvolver, xestionar e avaliar a Rede Galega de Atención Temperá.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Flora Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 10:38
Nº Rexistro: 38334
Data envío: 08/10/2018 10:38:09.893



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/10/2018 10:32:29

Flora María Miranda Pena na data 08/10/2018 10:32:35

Luis Villares Naveira na data 08/10/2018 10:32:42

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 38698(10/PNC-003092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á construción do Centro de Saúde de Bouzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O compromiso adquirido polo Goberno galego, a través da Consellaría de Sanidade, para a construción dun centro de saúde en Vigo, en concreto na vila de Bouzas, retrotráese a un proxecto presentado no ano 2010.

Ao longo de todo este tempo non só no fixo nada senón que agora trasládase un novo proxecto reformado que presenta severos recortes fronte ao contemplado no proxecto inicial. Deste xeito, para o BNG resulta inaceptábel que se pase de 1.200 metros cadrados de superficie útil a a pouco máis de 600. Por outro lado as seis consultas de menciña de familia e outras seis de enfermería previstas inicialmente redúcense á metade; por non falar da eliminación do servizo de pediatría e do espazo para dispor de traballadora/or social. Así o goberno do Partido Popular con oito anos de atraso quere deixar agora a Bouzas con medio centro de saúde , e o que é máis grave, sen pediatría e sen servizo de traballo social.

Logo, a intención do Goberno galego de abrir un “minicentro” absolutamente insuficiente na vila de Bouzas está dentro da política xeral de desmantelamento da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

sanidade pública e nos continuados recortes da atención primaria. Ademais todo apunta a intención do Sergas de aproveitar a apertura do novo centro de saúde de Bouzas para proceder ao feche do da rúa López Mora, malia que presta atención a un número importante de persoas.

A veciñanza de Bouzas leva anos a padecer unha atención sanitaria manifestamente mellorábel. Para o BNG o que precisan e merecen as viguesas e vigueses é o contrario do que nos impón o Partido Popular desde a Xunta: máis e mellor sanidade pública e sobre todo unha aposta decidida por mellorar a atención primaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a proceder a construción do Centro de Saúde de Bouzas, conforme ao proxecto inicial do Sergas e coa mesma dotación de persoal sanitario, incluíndo servizos de pediatría e traballo social.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 10:36:02

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 10:36:07

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 10:36:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 10:36:10

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 10:36:13

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 10:36:14

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 38824(10/PNC-003114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa consideración en situación de incapacidade ás persoas diagnosticadas dunha enfermidade crónica grave, nomeadamente oncolóxica, así como a reincorporación aos seus postos de traballo

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 38824
Data envío: 16/10/2018 13:46:49.163

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os avances na Medicina incorporados á Sanidade Pública, tanto no eido tecnolóxico, como farmacolóxico e médico-cirúrxico, teñen producido unha diminución importante das secuelas en moitas enfermidades crónicas graves, nomeadamente as de tipo neoplásico. Esta nova situación provoca que persoas traballadoras afectadas por estas enfermidades, que ata hai poucos anos conducían a incapacidades absolutas, poidan agora reincorporarse á vida laboral, aínda que en ocasións con longos períodos de tratamento e convalecencia.

Estas persoas encóntranse arestora cunha difícil situación. A incapacidade temporal esgótase aos doce meses, aínda que é prorrogable, obrigando a acollerse á situación de Incapacidade Permanente total ou absoluta, que todos coñecemos que é revisable no tempo por agravamento, pero tamén por melloría. Esta incapacidade laboral xera unha reserva de posto de traballo durante dous anos dende o momento da súa concesión, tempo que as veces pode resultar insuficiente para chegar á curación destas persoas con enfermidades crónicas graves, e posible reincorporación ao mercado laboral.

Polas súas repercusións para o funcionamento xeral do sistema de protección social e de prestación de desemprego, as posibles solucións a esta situación deberan ser estudadas no Pacto de Toledo, xa que é o marco xeral de diálogo e consenso político sobre as reformas do funcionamento da Seguridade Social é no que é posible chegar a acordos de grande complexidade e repercusión social, tal e como se vén de facer hai poucos días co sistema de pensións de xubilación.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 13:46
Nº Rexistro: 38824**
Data envío: 16/10/2018 13:46:49.163

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que traslade ao Pacto de Toledo a necesidade de estudar a consideración de situación de incapacidade permanente a toda persoa que sexa diagnosticada dunha enfermidade crónica grave, nomeadamente oncolóxica, durante todo o período que demore o proceso de tratamento, e as alternativas posibles para facilitar a reincorporación ao posto de traballo cando acade a curación definitiva”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 13:42:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/10/2018 13:42:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/10/2018 13:42:22

María Ángeles García Míguez na data 16/10/2018 13:42:28

Marta Rodríguez Arias na data 16/10/2018 13:42:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/10/2018 13:42:44

María Soraya Salorio Porral na data 16/10/2018 13:42:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/10/2018 13:43:23

Raquel Arias Rodríguez na data 16/10/2018 13:43:31

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/10/2018 13:43:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com